

IX CONVOCATORIA DE RECOÑECIMENTO DE CIDADES AMIGAS DA
INFANCIA. UNICEF COMITÉ ESPAÑOL

DIAGNÓSTICO DE SITUACIÓN DA INFANCIA E A ADOLESCENCIA 2023



CONCELLO
DE **TEO**
Benestar Social

Ignacio Iglesias Villar
Concelleiro de Benestar
ignacioiglesias@teo.gal

Eva López Soto
Técnica de Servizos Sociais Comunitarios
evalopez@teo.gal / 630504106

Índice

| | |
|---|----|
| AGRADECIMENTOS..... | 4 |
| PRESENTACIÓN..... | 5 |
| 1. INTRODUCCIÓN..... | 6 |
| Evolución demográfica..... | 6 |
| Actividade económica..... | 7 |
| Movilidade..... | 7 |
| 2. METODOLOXÍA E ALCANCE..... | 9 |
| 3. DESCRICIÓN DA SITUACIÓN DA INFANCIA E A ADOLESCENCIA..... | 12 |
| 3.1 Situación demográfica..... | 12 |
| 3.2. Condicións de vida familiares e socio-económicas..... | 13 |
| 3.3. Niveis de escolarización, conflictividade, absentismo e fracaso escolar..... | 14 |
| 3.4. Estado de saúde..... | 17 |
| 3.5. Situacións de maltrato, abandono ou outros factores de vulnerabilidade sociais; niveis de pobreza infantil e familiar..... | 18 |
| 3.6. Participación da infancia e a xuventude na vida pública..... | 26 |
| 3.7. Recursos culturais, deportivos, de lecer e tempo libre do territorio relacionados coa infancia e a adolescencia..... | 29 |
| 3.8. Asociacionismo e iniciativas cidadás que gardan relación coa poboación infantil e adolescente..... | 38 |
| 3.9. Información cualitativa achegada por distintos actores do concello..... | 39 |
| 4. VALORACIÓN..... | 39 |
| 4.1. Actividades realizadas con persoas menores de idade..... | 39 |
| 4.1.1. Elaboración da enquisa aberta e anónima..... | 39 |
| 4.1.2. Elaboración dun DAFO no seo do FoPIA..... | 46 |
| 4.2 Actividades realizadas con persoas maiores de idade..... | 47 |

| | |
|--|----|
| 4.2.1. Elaboración do DAFO coa mesa de coordinación interna..... | 47 |
| 4.2.2. Elaboración do DAFO coa Mesa Comunitaria..... | 49 |
| 5. CONCLUSIÓNS..... | 52 |

AGRADECEMENTOS

O Concello de Teo quere agradecer a todas as persoas e entidades que participaron e/ou colaboraron na creación colectiva deste documento de diagnóstico, a súa inestimable achega. Integradas en colectivos ou a título individual, fornecéronnos os vimbios cos que tecer este mapa da situación da infancia e a adolescencia no municipio de Teo.

En concreto, damos as grazas ás integrantes da Mesa de Coordinación Interna, da Mesa de Coordinación Externa, e, en especial, a todos os nenos e as nenas que participan no FoPIA pola súa ilusión, creatividade e, sobre todo, pola súa vontade participativa e colaborativa.

Este diagnóstico, tampouco sería posible sen o apoio invisible das familias e dos seus esforzos cotiáns animando á participación da rapazada nas actividades do FoPIA e CLIA, ás entidades e persoas que facilitan que outras participen nesta obra colectiva para continuar facendo do Concello de Teo un territorio amigo da infancia e a adolescencia.

A todas, todos e todes: grazas!

PRESENTACIÓN

Este documento contén información destinada a mostrar a actualidade do Concello de Teo en canto á situación dos dereitos da infancia e da adolescencia, achegando datos tanto de tipo cuantitativo como cualitativo que permitan a análise desde diferentes puntos de vista, co obxecto de obter un diagnóstico que contribúa a valorar a pertinencia da renovación do selo de “Cidades Amigas da Infancia”, de UNICEF.

A través de diferentes organismos públicos e privados, recompiláronse datos descritivos, sendo as principais fontes de información, o Instituto Galego de Estatística (IGE), o Instituto Nacional de Estadística (INE), o Concello de Teo, a Consellería de Traballo da Xunta de Galicia e os centros de educación primaria e secundaria do concello. Por norma xeral, procurouse que a antigüidade dos datos non excedese os 12 meses de antigüidade con respecto ao Plan Local de Infancia e Adolescencia 2018-2022, e sempre que non foi posible indicouse expresamente.

Os datos oficiais e a información fornecida polas administracións foi completada e ampliada con outra recollida de primeira man a través de reunións e procesos de participación municipal que implicaron a infancia e adolescencia, así como a asociacións, Anpas, persoal técnico municipal e á propia corporación municipal. Dos encontros coa infancia e a adolescencia, e tamén con sectores claramente implicados na garantía dos seus dereitos, extraeuse información de utilidade que permitiu, coa axuda da técnica de análise DAFO (Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades), detectar necesidades e constatar os aspectos positivos que o Concello de Teo ofrece de cara a afianzar e mellorar os espazos de participación dos nenos e das nenas na toma de decisións que lles afectan directamente.

1. INTRODUCCIÓN

Teo é un concello de 18.918¹ habitantes que forma parte da comarca de Santiago. Nesta comarca intégranse outros seis municipios: Val do Dubra, Ames, Boqueixón, Brión, Vedra e a propia capital, Santiago de Compostela. Polo norte, Teo limita con Ames e Santiago de Compostela; polo sur, con Padrón e A Estrada; polo leste con Vedra; e polo oeste con Brión e Rois.

O municipio abrangue un total de 80 km² e presenta suaves pendentes que descenden progresivamente desde a zona norte e oeste. Este descenso ten a súa orixe na Pena Agrela (410 metros de altura), no Alto de Montouto (339 m) e no monte Pulga (373 m) e remata a menos de 100 metros sobre o nivel do mar ao chegar ao val do Ulla.


Desde o punto de vista da xeoloxía, o concello de Teo érguese, nas zonas máis baixas, sobre estratos de materiais duros (xistos, lousas e granitos) e rochas sedimentarias. É o caso dos vales do Ulla ou de Santa Lucía. Nas zonas máis altas, no norte e oeste do concello, predominan superficies de erosión herdeiras de antigos macizos erosionados e que hoxe en día forman unha sucesión de ondulacións con resaltes graníticos nas alturas comprendidas entre os 300 e os 400 metros.

O curso dos ríos que cruzan o concello fan que a estrutura do terreo de Teo sexa alombada. O conxunto fluvial teense está formado polos ríos Santa Lucía, Tella, Rego do Chao (todos eles afluentes do Ulla) e polo río Tinto (afluente do Sar). No caso do Ulla, este río discorre polo terreo con dirección leste-oeste e amosa un encaixamento máis marcado no linde occidental do concello, mentres que no lugar onde recibe o Santa Lucía ábrese unha ampla chaira aluvial colmada de sedimentos terciarios e cuaternarios.

No relativo ao clima, Teo encádrase no dominio oceánico hiper-húmido. As temperaturas son suaves, matizadas pola presenza do val do Ulla no sur e pola altitude das áreas setentrionais. A temperatura media anual sitúase entre os 13 e os 14°C, reducíndose no período do inverno a 7-9°C. As precipitacións son elevadas, especialmente no norte do termo municipal, xa que se trata dunha zona exposta directamente á entrada de masas húmidas. Ao ano prodúcese entre 1700 e 1800 mm de auga.

Evolución demográfica

Na actualidade, Teo ten unha poboación de 18.918 persoas, das cales 9.237 (un 51,2%) son mulleres e 9.237 (un 48,8%) son homes. A evolución demográfica amosa estabilidade nos últimos anos, con moi pequenas variacións, como se mostra na seguinte táboa elaborada a partir dos datos do INE:



1 Segundo datos facilitados polo [INE](#) (actualizados en 2022)

Segundo datos do IGE, en 2022 o índice de envellecemento do concello situábase en 116,1², detectándose un incremento en 26 puntos con respecto aos datos recollidos no anterior diagnóstico de 2017. Sube tamén a idade media de maternidade, que en 2021 era de 33,35 anos e o número medio de crianzas por muller, que pasa dos 1,02 en 2015 a 1,24 (tamén segundo datos do IGE) en 2021.

Actividade económica

Segundo datos recollidos do Instituto Galego de Estatística, o Concello de Teo conta en marzo de 2023 cun total de 8305 persoas afiliadas en alta laboral, das que 4248 son homes e 4057 son mulleres. É de destacar que Teo é o noveno concello de Galicia con máis persoas afiliadas á Seguridade Social no sector servizos, supoñendo un 80,7% con respecto ao total, segundo datos de 2023.

As empresas rexistradas no concello, en 2021 había 1.424, detectándose tamén unha primacía das empresas de servizos, un 76,8% do total, seguidas de lonxe pola construción (14,5%), a industria (6,2%) e a agricultura e pesca (2,3%).

En canto ao sistema de contas, a renda dispoñible bruta por habitante en 2020 era de 17.991€ e o produto interior bruto por habitante de 13.666€.

Mobilidade

No ano 2018 elaborouse o Plan de Mobilidade Urbana Sustentable (PMUS) do Concello de Teo, onde se destaca que os problemas de mobilidade máis perentorios para o municipio son orixinados, principalmente, pola elevada dispersión da poboación e a gran influencia que exerce a cidade de Santiago de Compostela sobre o municipio dada a súa proximidade, sendo este último un dos principais xeradores de viaxes tanto por motivo traballo como por lecer. Tamén se sinala que as viaxes a pé e en bicicleta non son habituais para desprazamentos entre as distintas parroquias do municipio, en parte, debido á ausencia de itinerarios seguros e confortables.

Nese mesmo PMUS dise que, a pesar de existir unha adecuada cobertura de liñas de autobús, a frecuencia e conectividade das mesmas non é a óptima, coincidindo esta análise coa recollida no proceso de Avaliación do anterior PLIA. En parte debido a isto, é polo que a corporación local decidiu pór en funcionamento o TeoBús, formando unha liña circular de cosido que permitise conectar as distintas parroquias tanto entre elas como coas liñas interurbanas. Ademais, sinálase que existen dúas liñas do transporte público urbano de Santiago que realiza paradas no propio municipio de Teo, aínda que só abarca ao núcleo dos Tilos. No que respecta ao taxi, non se observa déficit de servizo e considérase que existen un adecuado número de licenzas por tamaño de municipio.

Dentro da vontade do Concello de Teo de mellorar a situación ao nivel de mobilidade, está a traballarse neste momento nunha alternativa para substituír o TeoBús: o transporte a demanda,

2 O que significa que por cada 100 persoas de menos de 20 anos, hai 116,1 de 65 e máis anos.

que se prevé se poña a proba en 2023 e estea en funcionamento a finais dese mesmo ano. Ese transporte estaría facilitado a través dun servizo de taxis que serán os encargados de recoller e levar os veciños e veciñas que o soliciten. A idea é que este servizo sirva, por un lado, de enlace coas paradas do transporte público e, por outro, para ir a algúns servizos de interese que fican fóra do percorrido dese transporte.

Por outro lado, o PMUS definiu o proxecto “Camiños escolares seguros”³ que se na súa fase I concreouse co estudo (2020) e obras (2021-22) para a creación do acceso ao CEIP de Calo⁴. En 2021 comezouse tamén a executar a *Senda peonil e ciclista nas parroquias do Centro e Sur do Concello*⁵. A través deste proxecto propónse a execución de varias sendas para potenciar os itinerarios peonís e/ou ciclistas garantindo a universalidade dos mesmos. A seguir, detallamos as sendas acondicionadas neste momento:

- Texexe.
- Vilanova de Recesende.
- Desde a urbanización Augas Mansas ao IES de Cacheiras.
- Do IES de Cacheiras á pista que dá ao campo de fútbol da Cañoteira.
- Da estrada da Xunta en Cacheiras ao campo de fútbol da Cañoteira.
- Desde a igrexa de Luou á marquesiña entrada Bustelo.
- Do lugar do Sisto á urbanización Augas Mansas.
- Desde o núcleo de Solláns cara a Vilar de Calo.
- De Pontevea a Millado.
- De Recesende a Luou.
- Da Ramallosa a Cacheiras.
- De Adrán a Campos de Mirabel.
- De Augas Mansas a Cacheiras.
- De Pontevea a Calo.
- De San Domingo a Campos de Mirabel.
- De Trivaldes a Bahamonde.

3 <https://www.teo.gal/gl/caminoscolares>

4 <https://www.teo.gal/gl/actualidade/2022/abrese-un-periodo-de-exposicion-do-proxecto-caminos-escolares-seguros-acceso-ao> // <https://www.teo.gal/gl/actualidade/2022/corte-de-traffic-na-cascalleira-do-luns-31-de-xaneiro-ao-4-de-febreiro>

5 https://www.teo.gal/gl/sendapeonil_fase3

2. METODOLOXÍA E ALCANCE

A metodoloxía empregada para a elaboración da seguinte diagnose consistiu na recollida de datos e valoracións sobre a situación da infancia e a adolescencia no concello de Teo, o tratamento da información e a posterior categorización, a análise comparativa e finalmente a extracción de conclusións.

Atendendo a facer desta diagnose un proceso participado no que a poboación residente, con especial atención ás crianzas e xuventude, e os axentes implicados tiveran voz, artelláronse medios de obtención de información por vía telemática así como sesións de traballo colectivo con diferentes grupos de poboación. De seguido enuméranse as liñas de traballo/acción desenvolvidas e a metodoloxía seguida para a obtención de información cualitativa e cuantitativa:

- **Solicitude a diferentes departamentos municipais de datos específicos sobre os servizos, campañas e accións ofrecidas polo concello e dirixidas á poboación infantil e xuvenil.**

Neste apartado colaborou persoal político e técnico das diferentes áreas do Concello de Teo relacionadas coa infancia e a adolescencia, tales como Benestar Social, Mocidade, Deportes, Urbanismo, Educación e Cultura ou Lingua.

- **Elaboración dun DAFO da situación da infancia e a adolescencia coa Mesa de Coordinación Interna do programa CAI**, integrada por perfís políticos e técnicos do Concello de Teo.

| METODOLOXÍA |
|--|
| Presentación dos obxectivos do traballo. |
| Identificación colectiva das debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades. |
| Baremación por puntuación individual dos resultados obtidos máis relevantes para cada caso. |
| Identificación de liñas de acción para ser integradas no novo PLIA. |
| * Nesta sesión de traballo participaron 5 membros do concello, 3 de perfil técnico (Técnica de Servizos Sociais Comunitarios, Alfabetizadora Dixital aula de Informática e Técnico municipal de Deportes) e 2 concelleiros (Benestar, Igualdade e Participación Veciñal; e Mobilidade, Mocidade, Comercio, Turismo, Emprego, Igualdade, Cultura e Educación). |

- **Elaboración dun DAFO da situación da infancia e a adolescencia coa Mesa Comunitaria do programa CAI**, integrada por persoas adultas de ámbitos diversos cuxa acción profesional ou social se vincula coa rapazada.

| METODOLOXÍA |
|---|
| Presentación dos obxectivos do traballo |
| Identificación colectiva das debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades |

| |
|--|
| |
| Baremación por puntuación individual dos resultados obtidos máis relevantes para cada caso. |
| Identificación de liñas de acción para ser integradas no novo PLIA. |
| * Nesta sesión de traballo participaron 10 persoas en representación de: Asociación sen ánimo de lucro ARCOsTilos; servizo de pediatra de área no centro de saúde de Calo-Os Tilos; Anpa-Ramalloza; Servizo de Atención Temperá; Banco de Electrónica Municipal; RadioTeo; Programa Fogares de Provivenda; Biblioteca dos Tilos e Mediateca dos Grilos; Grupo SEPA-USC; e Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Teo. |

- **Elaboración dun DAFO da situación da infancia e a adolescencia no seo do FoPIA, Foro de participación da Infancia e a Adolescencia.**

| METODOLOXÍA |
|---|
| Presentación dos obxectivos do traballo |
| Identificación colectiva das debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades |
| * Nesta sesión de traballo participaron 18 rapaces e rapazas do concello de Teo, habendo representación, de todos os centros de ensino do municipio. |

- **Enquisa aberta e voluntaria destinada á poboación infantil e xuvenil.** Seguindo coas recomendacións establecidas por UNICEF, elaborouse unha enquisa a través da que coñecer a realidade e a percepción da xuventude de Teo da sobre os seus dereitos como infancia así como da calidade dos servizos aos que acceden.

| METODOLOXÍA |
|--|
| Elaboración da batería de preguntas en base ao modelo fornecido pola UNICEF e adaptado ás características propias do concello. |
| Envío do formulario dixital a todos os centros de ensino a través a través dos respectivos departamentos de orientación e no caso do IES a través do Abalar. |
| Recepción de respostas ao longo de un mes e medio (6 marzo-12 abril) |
| Extracción de porcentaxes de cada resposta e recollida de datos. |
| * 152 rapaces e rapazas do concello de Teo, de entre 10 e 16 anos, responderon a esta enquisa. Dez das respostas identificáronse como non válidas por contidos inaxeitados, reducíndose a mostra a 142. |

En resumo, e grazas a esta metodoloxía e plan de traballo chegouse unha **poboación total de 175 persoas**, cunha faixa de idades comprendidas **entre os 10 e os 65 anos**, con especial atención á poboación menor de idade, que contribuíron a ofrecer a súa **valoración** sobre a situación da infancia e a adolescencia no Concello de Teo.

A este número deberíase sumar outras persoas, traballadoras públicas, consultadas para a elaboración deste documento, como pode ser o caso do arquitecto municipal, achegándonos así ás **190 persoas consultadas**.

3. DESCRICIÓN DA SITUACIÓN DA INFANCIA E A ADOLESCENCIA

3.1 Situación demográfica

Teo ten unha poboación de 18.918 (9.237 homes e 9.681 mulleres), segundo os datos de INE de 2022. A poboación censada en Teo menor de idade, é dicir, entre os 0 e os 18 anos, foi no 2022 dun total de 3.232 persoas, segundo os datos do Instituto Galego de Estatística, o que supón un 17,08% da poboación total do municipio. Se ben carecemos dos datos referidos á distribución territorial desta poboación menor de idade, podemos concretar a distribución por sexo e por idades do seguinte xeito:

Poboación menor de idade de 0 a 18 anos, por idade e por sexo (2022)

| | Poboación de 0 a 18 anos, por idade e por sexo (2022) | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|----------|---|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|
| | 0 | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 |
| Homes | 65 | 49 | 54 | 57 | 77 | 83 | 91 | 86 | 99 | 81 | 92 | 96 | 90 | 94 | 93 | 110 | 112 | 92 | 104 |
| Mulleres | 62 | 60 | 55 | 65 | 65 | 71 | 73 | 78 | 85 | 112 | 99 | 96 | 74 | 113 | 114 | 100 | 96 | 87 | 102 |
| Total | 127 | 109 | 109 | 122 | 142 | 154 | 164 | 164 | 184 | 193 | 191 | 192 | 164 | 207 | 207 | 210 | 208 | 179 | 206 |

Poboación menor de idade total por sexo (2022)

| | Poboación menor de idade por sexo (2022) |
|----------|--|
| Homes | 1625 |
| Mulleres | 1607 |
| Total | 3232 |


Poboación estranxeira

Como datos xerais relativos á presenza de poboación estranxeira no concello de Teo, convén destacar que en 2021 a porcentaxe de poboación estranxeira era de 2,04% (1,62 homes e 2,44 mulleres)⁶. Desde 2017 até a actualidade, a evolución das cifras foi experimentando un lixeiro incremento, pasando das 242 persoas naquela altura, a 384 persoas en 2021⁷.

6 Segundo datos do Instituto Galego de Estatística referidos a poboación estranxeira.

7 Datos de elaboración propia en base á información do Instituto Galego de Estatística.

De seguido, a táboa comparativa de datos 2011-2021, con indicación dos lugares de orixe:



3.2. Condicións de vida familiares e socio-económicas.

Situación socio-económica e laboral das familias

A maioría das crianzas dos centros educativos do concello teense pertencen a familias cun nivel socioeconómico medio e medio-baixo, cunha situación laboral de ocupación de ambos os dous membros parentais ou polo menos dun deles, e proceden dun entorno rural ou semiurbano, destacando que é a Escola Infantil Municipal (EIM) dos Tilos a que posúe familias con rendas máis altas.

Emprego e paro rexistrado

O paro do concello situouse no mes de marzo de 2023 en 749 persoas, das cales 306 (o 40,8%) foron homes e 443 mulleres (o 59,2%), segundo os datos do Boletín mensual de paro da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia. Por idades, a maior parte das persoas paradas son maiores de 25 anos (709 persoas), e só 40, son menores de 25, sendo o sector servizos o que acumula máis desemprego, con moita diferenza dos que lle seguen (industria e “sen traballo anterior”).

Por sectores, as actividades agropecuarias (que ocupan o 2,8% da poboación activa) teñen unha maior importancia nas parroquias rurais de máis ao sur, e algunha zonas do norte onde a agricultura se converteu nunha actividade a tempo parcial. Así, das 1.172 explotacións coas que conta o concello, a maior parte dedícanse a hortas, pastos e espazos forestais. Os cultivos hortícolas supoñen unha fonte de ingresos importante, xunto ao cultivo da vide (que ocupa 71 hectáreas). A gandería porcina, que conta con 1.774 cabezas, é a máis destacada.

No sector secundario, que agrupa o 28,2% da poboación activa, o reparto é practicamente igualitario entre a industria (14,2%) e a construción (14%) e encabézano as empresas transformadoras de madeira e de metal.

O terciario é o sector que ocupa á maior parte da poboación activa en Teo, o 69%. A maior parte dos empregos sitúanse no sector comercial, tanto por parte dos que traballan no propio concello como os que se desprazan cara a Santiago de Compostela.

3.3. Niveis de escolarización, conflitividade, absentismo e fracaso escolar.

Centros educativos

O Concello de Teo conta cun total de nove centros destinados a crianzas e adolescentes entre 0 e 18 anos (8 públicos e 1 privado) que, segundo datos facilitados polos propios centros, ofertan os seguintes niveis:

| Centros | |
|---|-----------------------------|
| Escolas Infantís Municipais (EIM) | EIM dos Tilos (0-3 anos) |
| | EIM de Calo (0-3 anos) |
| | EIM da Ramallosa (0-3 anos) |
| Centro Rural Agrupado (Colexio rural agrupado, de 3 a 8 anos) | |
| CEIP de Calo (Centro de educación infantil e primaria, de 3 a 12 anos) | |
| CEIP Os Tilos (Centro de educación infantil e primaria, de 3 a 12 anos) | |
| CEIP A Ramallosa (Centro de educación infantil e primaria, de 3 a 12 anos) | |
| IES Cacheiras (Instituto de educación secundaria, de 12 a 16 anos, e de bacharelato, ce 16 a 18 anos) | |

Ademáis, o colexio privado Chester College International School ofrece Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria (obligatoria e bacharelato).

No nivel de educación infantil existen ademáis dúas escolas infantís privadas - Escola infantil Bilingüe Popote e Escola infantil Meniños, ambas situadas no lugar de Cacheiras.

Nos centros escolares de titularidade pública aténdense as seguintes necesidades educativas especiais, segundo datos dos propios centros. As necesidades van desde dende simples dislalias ata necesidades permanentes, tdah, atraso madurativo, descoñecemento grave das linguas, aa cc, trastornos de linguaxe e comunicación, situación de vulnerabilidades e dificultades de aprendizaxe:

| Datos sobre necesidades específicas de apoio educativo | |
|---|--------------------------|
| Centro | Casos atendidos |
| Centro Rural Agrupado | 13 infantil + 7 primaria |
| CEIP de Calo | 58 |
| CEIP dos Tilos | 31 |
| CEIP A Ramallosa | 99 |
| IES Cacheiras | 65 |
| Total | 204 |

Absentismo

O nivel de absentismo escolar rexistrado no Concello de Teo é moi baixo, cun número moi reducido de casos.

| | |
|----------------------------|---|
| Absentismo escolar 2022-23 | 1 |
|----------------------------|---|

Neste ámbito, é de destacar a integración de Teo na UACO (Unidades de Acompañamento e orientación persoal e familiar do alumnado especialmente vulnerable) da comarca de Vedra. O obxectivo destas unidades, postas en marcha a nivel estatal a raíz da pandemia da COVID_19 co financiamento da Unión Europea-NextGenerationEU, é acompañar as traxectorias educativas do alumnado máis vulnerable para previr fracasos, diminuír o risco de repetición e abandono do sistema educativo así como promover a súa aprendizaxe e éxito escolar. Aplícase desde educación Primaria ata o final da ESO e Bacharelato en centros sostidos con fondos públicos e desenvolverase durante os cursos escolares 2021-2022, 2022-2023 e 2023-2024.

Datos de conflitividade escolar

Todos os centros educativos contan co seu Plan de Convivencia en funcionamento tal e como obriga a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa. A lei aporta tamén unha definición legal de acoso e ciberacoso, partindo da convicción de que sen un ambiente de convivencia nos centros educativos baseado no respecto mutuo non é posible dar cumprimento aos fins da educación nin permitir o aproveitamento óptimo dos recursos educativos que a sociedade pon a disposición do alumnado e, polo tanto, das familias.

Polo que se refire a procedementos correctores da convivencia, o IES Cacheiras achega datos sobre os partes abertos no curso 2022/2023, e que ascenden a un total de 18, todos por faltas leves, e sendo 2º ESO o nivel onde se producen o maior número de faltas, tal e como aparecen distribuídos no seguinte cadro:

| | TOTAL | LEVES | GRAVES |
|---------|-------|-------|--------|
| 1º ESO | 1 | 1 | 0 |
| 2º ESO | 12 | 12 | 0 |
| 3º ESO | 4 | 4 | 0 |
| 4º ESO | 1 | 1 | 0 |
| 1º BACH | 0 | 0 | 0 |
| 2º BACH | 0 | 0 | 0 |

Nos centros educativos de educación infantil e primaria non se observan grandes dificultades na convivencia escolar, indicándose nos seus plans que as relacións entre os diferentes axentes da comunidade educativa, así como entre o alumnado, son boas. Os plans de convivencia contemplan accións preventivas e normalmente os conflitos que van xurdindo, resólvense mediante o diálogo e con algunha medida disciplinaria de carácter menor. Os conflitos máis frecuentes son: comportamentos disruptivos na aula (levantarse sen permiso, falar cos compañeiros/as,...), problemas no patio relacionados coa distribución dos espazos, esquecemento do material para o desenvolvemento da clase, perda de respecto entre iguais e puntualidade nalgúns casos⁸.

Pódense consultar os plans dos centros nas seguintes ligazóns:

- Plan de Convivencia do CEIP de Calo: [Consultar](#)
- Plan de Convivencia do CEIP Os Tilos: [Consultar](#)
- Plan de Convivencia do CEIP A Ramallosa: [Consultar](#)
- Plan de Convivencia do CRA de Teo: [Consultar](#)

Fracaso escolar

Os datos de fracaso escolar por centro amosan unha evolución positiva nos últimos anos. Segundo os datos fornecidos polos centros de ensino, atopamos unha tendencia á baixa no número de

8. Páx. 5 do Plan de Convivencia escolar do CEIP de Calo.

persoas que repiten curso, tal e como reflicte a seguinte táboa comparativa entre os resultados do curso 2016/17 e 2022/23:

| | CRA de Teo | CEIP A Ramallosa ⁹ | CEIP Os Tilos | CEIP A Igrexa-Calo ¹⁰ | IES Cacheiras ¹¹ |
|---------|------------|-------------------------------|---------------|----------------------------------|-----------------------------|
| 2016/17 | - | 6 | 5 | 5 | 51 |
| 2022/23 | 1 | 2 | 2 | 1 | 27 ¹² |

3.4. Estado de saúde.

Recursos sanitarios

No Concello de Teo existen catro centros de saúde:

- Centro Médico de Folgueiras: a este centro de saúde acode a maioría de crianzas e adolescentes da zona de Calo.
- Centro Médico dos Tilos: con presenza maioritaria de crianzas e adolescentes da zona dos Tilos.
- Centro Médico de Cacheiras: con maioría de crianzas e adolescentes da zona da Ramallosa.
- Consultorio de Pontevea: con maioría de crianzas e adolescentes da zona da Pontevea.

Neste aspecto, é de sinalar a sinatura do convenio para a construción dun novo **centro de saúde na Ramallosa** que incrementará os servizos actuais tanto en medicina como en pediatría e enfermería. Ademais terá consulta de farmacia, área bucodental con 2 consultas, 3 consultas polivalentes para a realización de técnicas, sala de educación sanitaria, 1 despacho de coordinación e sala de atención ao usuario.

De relevo é tamén a creación do **Servizo de Atención Temperá**, como proxecto piloto en 2018 e hoxe xa consolidado. Este servizo está dirixido á poboación infantil de 0 a 6 anos, á súa familia e ao seu contorno, e ten por obxectivo darlles resposta o antes posible ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos e as nenas con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecelos, para facilitar o desenvolvemento da súa autonomía persoal e a inclusión social.

9. Menores escolarizados que repetiron algunha vez: 8

10. Alumnado que repetiu algunha vez: 15

11. Alumnado que repetiu algunha vez: 85

12. (1º ESO: 9, 2º ESO: 3, 3º ESO: 5, 4º ESO: 3, 1º BAC: 4 e 2º BAC: 3)

Desde 2021 o SAT é compartido co concello de Ames, momento desde o que se atenderon xa 110 casos. As profesionais de atención directa cos que conta o servizo son psicólogo/a, logopeda e terapeuta. Entre as prestacións que realizarán destacan as seguintes: diagnose e valoración dos trastornos de desenvolvemento dos/das nenos/as; desenvolvemento psicomotor e cognitivo; desenvolvemento da linguaxe e comunicación, da autonomía, da área social e afectiva así como dar apoio, información e formación á familia.

É significativo, porén, o alto índice de infancia e adolescencia con discapacidade recoñecida, que supoñen un 13% entre a poboación de 3 e 18 anos en relación ao total de persoas adultas.

É significativo, porén, o alto índice de infancia e adolescencia con discapacidade recoñecida, que supoñen un 13% entre a poboación de 3 e 18 anos en relación ao total de persoas adultas. Sobre o número de alumnado total con dificultades de aprendizaxe este ascende a 273, unha porcentaxe sobre o total dun 8,48%.

3.5. Situacións de maltrato, abandono ou outros factores de vulnerabilidade sociais; niveis de pobreza infantil e familiar.

Servizos Sociais

Os Servizos Sociais do Concello de Teo están formados polo conxunto de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades e o acceso á calidade de vida e á participación social do conxunto da poboación do municipio.

O Servizo está composto por unha coordinadora, dúas auxiliares administrativas, unha educadora social e tres traballadoras sociais, das cales dúas exercen como profesionais de referencia para o conxunto da poboación do Concello. O seu labor distribúese en dous bloques de parroquias. A primeira das unidades de atención aglutina as parroquias de: Baamonde, Cacheiras, Os Tilos, Oza, Teo e Vilariño mentres que a segunda unidade atende a poboación de: Calo, Lampai, Lucí, Luou, Rarís, Recesende e Reis. A outra traballadora social realiza as súas funcións en dous programas específicos: Servizo de Educación e Apoio Familiar (SEAF), e Servizo de Axuda no Fogar (SAF).

O Concello de Teo conta cun servizo de voluntariado que ofrece á veciñanza a posibilidade de participar de xeito activo no artellamento social do concello e de realizar actividades sociais para a mellora da calidade de vida individual e colectiva, colaterais á propia acción municipal.

Entre os **proxectos** destacan:

- Apoio Educativo.
- Voluntariado xuvenil.
- Banco Veciñal de Alimentos de Teo.
- Roupeiro Municipal.
- Acompañamento a persoas maiores ou con dificultades.

- Voluntariado ambiental.

A poboación menor de idade

Entre os ámbitos máis habituais de actuación dos servizos sociais municipais está a protección de colectivos vulnerables como son os e as menores. Ademais deste colectivo, presta tamén especial atención ás persoas maiores e ás persoas con diversidade funcional. Estas intervencións concrétanse en prestacións tanto técnicas (ofrecendo información, orientación e intervención social por parte das profesionais que forman o equipo de traballo), como en axudas (de carácter económico ou material ou acceso a bonificacións e servizos específicos).

Programas para a infancia e a familia na área dos Servizos Sociais

A seguir explícanse os servizos, programas e axudas que teñen que ver directamente coa atención á infancia e ás familias:

- **Servizo de educación e apoio familiar (SEAF).** Trátase dun servizo básico que integra o conxunto de proxectos e servizos de apoio educativo e psico-social dirixidos ás familias, co obxectivo de detectar, prever e superar as situacións de dificultade, especialmente as eventuais situacións de maltrato infantil ou calquera outra desprotección, así como promover procesos de cambio que favorezan un adecuado exercicio das responsabilidades familiares, a mellora da autonomía, da integración e da participación social das familias e unidades de convivencia. Evolución na atención de familias desde 2018 a 2022:

| 2017 | 2018 | 2019 | 2020 | 2021 | 2022 |
|------|------|------|------|------|------|
| 38 | 45 | 54 | 55 | 53 | 62 |

Como se pode observar na táboa e no cadro seguinte, desde 2017 o aumento da demanda é do 63%, con tendencia a seguir aumentando no 2023. É por este motivo que desde hai dous anos se incrementou a dotación de persoal para este Servizo coa incorporación doutra educadora social, no ano 2021 cunha subvención procedente da Deputación Provincial e no último ano da Consellería de Política Social, rematándose o contrato en abril de 2023. Neste ano beneficiáanse do programa un total de **57 familias**, chegando a un total de 100 nenas e nenos, en concreto, 48 nenas e 52 nenos entre 0 e 18 anos. O total de persoas ascende a 211. Os motivos principais da necesidade da intervención socio-educativa aparecen na seguinte táboa:

| Motivo da intervención | Nº de familias |
|--|----------------|
| Apoio educativo para a promoción da autonomía persoal e a integración social | 9 |
| Apoio na parentalidade positiva | 4 |

| | |
|--|-----------|
| Apoio na mono-parentalidade, apoio emocional, mellora autoestima | 8 |
| Absentismo escolar | 1 |
| Discapacidade | 6 |
| Saúde mental | 5 |
| Acollemento familiar | 4 |
| Violencia de xénero | 8 |
| Maltrato infantil | 12 |
| Total | 57 |

Das 57 familias atendidas, 13 teñen expediente de protección (22,80%), incluíndo os acollementos familiares, que supoñen un 30,76% do total de expedientes de protección abertos no Equipo Técnico do Menor da Consellería de Política Social. Cabe subliñar que catro das 57 familias foron derivadas do Xulgado. A maioría das derivacións proveñen das Unidades de Traballo Social, en concreto 22, seguíndolle 12 do ámbito da educación, 6 do Equipo Técnico do Menor, 8 por iniciativa propia, e xa en menor medida, a través veciñanza, SAT (Servizo de Atención Temperá) ou CIM (Centro de Información ás Mulleres).

- **Programa de apoio escolar.** Concibido dentro do propio Servizo de Educación e Apoio Familiar dos Servizos Sociais Municipais e na procura da máxima colaboración cos equipos docentes, no ano 2013 comezan as actuacións compensatorias de reforzo escolar dirixidas a nenas e nenos en dificultade social. Participación de nenas e nenos desde o curso 2016-2017 ata a actualidade:

| 2016-2017 | 2017-2018 | 2018-2019 | 2019-2020 | 2020-2021 | 2021-2022 | 2022-2023 |
|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|
| 17 | 21 | 17 | 15 | 13 | 22 | 20 |

A actividade distribúese en catro grupos, dous deles de secundaria e dous de primaria, nos que se procura unha atención personalizada centrada nas necesidades do alumnado. Desde este enfoque, poténcianse as competencias básicas de cada participante, promóvense hábitos de estudo e aséntanse as bases para unha aprendizaxe autónoma e máis satisfactoria. Así mesmo, nestas aulas refórzanse coñecementos e resólvense dúbidas sobre as temáticas que están a ser abordadas na escolarización ordinaria, incrementándose as expectativas de éxito escolar, non só por parte do propio alumnado, senón tamén das súas familias e profesorado. Como se pode ver na táboa, desde o curso

2016/17 deuse un aumento no número de alumnado influenciado nos cursos 2019/20 e 20/21 pola pandemia retornando nestes últimos anos a situacións do curso 2017/18.

- **Bonificación de actividades extraescolares, de conciliación e/ou de lecer e tempo libre.** A ordenanza municipal reguladora do prezo público por realización de actividades culturais e deportivas establece unha exención total da praza para aquelas familias en situación económica desfavorable, xustificándose ben a través da situación económica, ben a través dun informe dos servizos sociais do concello de Teo. Existen tamén exencións totais en actividades municipais como DiverTeo, o servizo de TeoMadruga e TeoCoida a través dun informe dos Servizos Sociais. Os datos do últimos anos relativo á ocupación de prazas reservadas á derivación de Servizos Sociais son os seguintes:

| | 2018 | 2019 | 2020 | 2021 | 2022 |
|---|------|------|------|------|------|
| Campamentos | 10 | 10 | 4 | 10 | 12 |
| Actividades deportivas e culturais | 5 | 3 | 3 | 0 | 16 |
| Conciliación | 15 | 11 | 8 | 26 | 25 |

- Asemade, existen bonificacións de prazas en Asociacións privadas con ou sen ánimo de lucro. Se no 2017 arroxabamos o dato dunha bonificación de 4 prazas na ARC Os Tilos, no curso actual 2022/2023 bonificáronse 6 prazas. Detéctanse ademais necesidades de maiores bonificacións, xa que fóra do convenio establecido con esta entidade, acoden ás actividades de tarde ó crianzas do Servizo de Educación e Apoio Familiar, 1 delas con bonificación a través dunha axuda de emerxencia social municipal.
- **Prazas de emerxencia reservadas nas Escolas Infantís Municipais.** Nas Escolas Infantís Municipais existe a reserva dunha praza por grupo de idade e centro durante o seu período de apertura, o que supón un total de nove prazas. Estas prazas son cubertas atendendo o seguinte criterio: "casos que sexan valorados pola unidade de traballo social correspondente como urxentes, baseándose en motivos técnicos diversos, pero relacionados co benestar do/da menor. Neste caso a adxudicación da praza será inmediata mediante resolución da Alcaldía, sempre que exista unha vacante, dándose conta á comisión de baremación na seguinte reunión que esta realice".

As prazas concedidas nos últimos anos a través desa forma de acceso son as que seguen:

| 2018-2019 | 2019-2020 | 2020-2021 | 2021-2022 | 2022-2023 |
|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|
| 5 | 2 | 1 | 1 | 0 |

No curso 2022-2023 dou comezo a aplicación da bonificación na atención educativa para todo o alumnado. Acolléndose así o Concello de Teo a medida promovida pola Xunta de Galicia.

- **Servizo de Atención Temperá:** en setembro de 2018 botou a andar o SAT municipal dentro da nova liña de financiamento habilitada pola administración autonómica para a posta en marcha de novas unidades de atención no marco da Rede galega de atención temperá.

Este novo servizo dirixido á poboación infantil entre 0 e 6 anos, á súa familia e ao seu contorno, e ten por obxectivo darlles resposta o antes posible ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos e as nenas con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecelos, para facilitar o desenvolvemento da súa autonomía persoal e a inclusión social.

En 2020, coa finalidade de fortalecer o servizo, o Concello de Teo asinou convenio co Concello de Ames para dar inicio no mes de novembro deste ano unha prestación conxunta do SAT.

Nesta curta historia, O SAT tense amosado un servizo altamente demandado e necesario para tratar de mellorar a resposta ás necesidades da infancia, tratando de inverter o abandono e desleixo que sentían moitas das familias afectadas por diferentes tipos de dificultades no desenvolvemento.

A evolución do servizo en datos relativos a crianzas atendidas é a seguinte:

| 2018 | 2019 | 2020 | 2021 | 2022 |
|------|------|------|------|------|
| 13 | 23 | 24 | 37 | 110 |

*Os datos corresponden aos períodos anuais marcados pola subvención de referencia (novembro a outubro do ano seguinte). Os datos de 2022 incorporan, por primeira vez, a atención conxunta para os concellos de Teo e Ames, 50 dos 110 casos eran de Teo.

- **Servizo de axuda no fogar.** Este servizo non está dirixido especificamente á infancia e adolescencia pero, dentro do seu campo de actuación, está incluído este sector de poboación por ser especialmente vulnerable. As atencións de carácter psico-social e educativo están especialmente prescritas en caso de servizos de axuda no fogar dirixidos a unidades familiares nas que existen menores a cargo e nas que se observan situacións familiares que poden repercutir negativamente no seu coidado. Durante o confinamento ante a imposibilidade de ingreso en centros residenciais incrementáronse as persoas atendidas polo SAF e noutros casos aumentáronse os tempos de atención e coidados.
- **Axudas municipais de emerxencia social e entrega de axudas materiais en especie.** Tampouco son axudas específicas para a infancia. Non obstante, a cobertura de

necesidades básicas de menores especificamente ou de unidades familiares nas que existen menores son obxecto preferente de cobertura. Tanto no relativo á alimentación e a outros materiais básicos, mantemento da vivenda, subministración de servizos básicos da vivenda, material escolar, vacinas non cubertas polo sistema público... Cabe destacar o esforzo orzamentario realizado durante o período de pandemia coa posta en marcha de axudas económicas específicas para as situacións de precariedade provocadas pola situación de COVID (ERTEs, finalizacións de contratos laborais, etc.). Ademais, concretamente dirixidas á infancia e adolescencia puxéronse en marcha mecanismos de apoio en relación á cobertura de material escolar, lúdico, equipos informáticos e conexión a internet, coa fin de reducir a fenda social e dixital.

- **O noso concello é socio do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade (FGCS).** Cada ano o Concello de Teo paga a cota de socio ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, un organismo autonómico de cooperación internacional.

No relativo á infancia poden destacarse varias liñas de actuación que afectan a este sector poboacional:

- Proxectos de cooperación ao desenvolvemento a nivel internacional: varios dos proxectos que contan con financiamento do FGCS teñen á poboación infantil e xuvenil como beneficiaria. Se nos remitimos ao último ano executado (2022), os tres que se nomean a continuación estarían claramente relacionados:
 - Guínea-Bissau Mellora da calidade do tratamento materno infantil na Rexión de Cacheu.
 - Mozambique Promoción dos dereitos da infancia nos distritos de Boane e Namaacha (2ª fase).
 - Mozambique Saúde sexual e hixiene menstrual, combate aos casamentos prematuros e entrega de compresas reutilizables para raparigas en situación de vulnerabilidade.
 - Sensibilización, educación para unha cidadanía global: nesta área compre destacar que o Concello de Teo participa no proxecto europeo Peopel & Planet, que trata de concienciar á xente nova sobre a gravidade do cambio climático. Para isto tense constituído a nivel municipal o Consello Climático Xuvenil.
 - Formación “Localizando a Axenda 2030”: a responsable técnica dos Servizos Sociais Municipais formouse en 2022 nesta área, a fin de avanzar na implantación municipal dos Obxectivos do Desenvolvemento Sostible, que como é sabido afectan ao conxunto poboacional pero varios dos obxectivos teñen á poboación infantil como elemento clave, como é o caso do dereito de acceso a unha educación de calidade.

- **Escolas Infantís Municipais (EIM).** As Escolas Infantís Municipais prestan atención aos nenos/as escolarizados nelas, tanto nos aspectos educativos do primeiro ciclo de educación infantil como asistenciais (alimentación, coidado e hixiene), dentro do horario de funcionamento das escolas. A educación infantil de primeiro ciclo está dirixida a nenos/as de idades comprendidas entre os 0 e 3 anos e cumpre, respecto dos/das menores, unha dobre función, educativa e asistencial, ao tempo que fai un labor facilitador da conciliación persoal, laboral e familiar no que respecta ás familias.

O Concello oferta atención a través destes centros de luns a venres (excepto días festivos segundo o calendario laboral) durante 12 meses ao ano en horario de 7:30 a 20:30 horas ininterrompidamente. Durante os meses de xullo e agosto o horario de cada un dos centros adaptárase á demanda real das familias usuarias do servizo, podendo ser inferior ao anteriormente nomeado. Os centros tamén ofrecen servizo de almorzo, xantar e merenda para o alumnado segundo o seu horario de asistencia. O custo corresponderase co establecido na normativa municipal reguladora dos prezos públicos pola prestación deste servizo. Ademais, as EIM prestan servizo de merenda de media mañá (11h) que consiste nunha parva que forme parte dunha alimentación equilibrada e suficiente. A prestación deste servizo non ten custo para as familias.

Número de familias beneficiarias de axudas económicas a familias en situación de pobreza con crianzas menores de idade ao seu cargo

A acción municipal para a promoción da inclusión social e a loita contra a pobreza, da que se benefician dun xeito significativo nenas e nenos, inclúe os seguintes programas:

- Axudas municipais de emerxencia social
- Entregas de alimentos a través do Banco Veciñal de Alimentos
- Entregas de alimentos procedentes do Fondo Europeo de Axuda ás persoas máis desfavorecidas.
- Roupeiro Municipal
- Nadal solidario

Os datos do ano 2022 respecto desta área son os seguintes arroxan a seguinte información:

Axudas de emerxencia social

Axudas para a cobertura de necesidades de distinta tipoloxía ás que as familias non poden facer fronte por si soas.

En 2022 foron 131 as axudas concedidas, por unha contía total de 115.799,37 €. De 383 persoas que formaban parte das unidades familiares beneficiarias destas axudas, 131 eran menores de idade.

Entregas do Banco Veciñal de Alimentos

Entregas de alimentos en especie facilitados quincenalmente. O acceso a estes repartos faise con prescrición da unidade de Traballo Social de referencia .

En 2022 foron 22 as familias beneficiarias, das cales 5 tiñan menores entre os seus membros. O número total de menores atendidos foi de 14.

Entregas do Fondo Europeo de Axuda ás persoas máis Desfavorecidas

Entregas de alimentos non perecedeiros en especie facilitados dúas veces no ano. O acceso a estes repartos faise con prescrición da unidade de Traballo Social de referencia.

En 2022 foron 51 as familias beneficiarias, das cales 16 tiñan menores entre os seus membros. O número total de menores atendidos foi de 25.

Roupeiro Municipal


Acceso a roupa usada en bo estado para todas aquelas persoas que poden precisar de apoio para o acceso a roupa suficiente e axeitada á temporada.

Neste ámbito o rexistro non permite determinar con exactitude o número de menores pertencente ás familias que fixeron uso do servizo, non obstante, debe tomarse en consideración que a roupa infantil ten unha elevada demanda.

Nadal Solidario

Campaña de Nadal para garantir a entrega de agasallos a nenos e nenas vulnerables a través de campaña de colaboración con establecementos do comercio local que incorpora doazóns de particulares e entidades. En 2022 o numero de nenas, nenos e adolescentes beneficiarias foi de 71.

Programas inclusión/Tipoloxía de familia



Problemas de vivenda: infravivenda e chabolas. Menores afectados.

Situado na parroquia de Calo, a escasos metros da estrada de Pontevedra que cruza o Milladoiro, encóntrase o lugar do Carballal. Se ben a situación no ano 2017 arroxaba datos de 6 infravivendas ou vivendas de bloque, nas que habitaban 5 unidades de convivencia, e que agrupaban 18 persoas (7 homes, 6 mulleres e 5 crianzas de 2, 3, 6, 15, e 16 anos), nos últimos catro anos déronse dúas circunstancias en relación á realidade do Carballal: por unha banda, aumentouse o número de familias debido ao casamento das xeracións máis novas e nacementos, o que implicou que nalgún

caso chegasen a convivir dúas unidades familiares nun mesmo alpendre e, por outra, a posta en marcha do programa “Fogares”, en convenio coa entidade Provivenda. A intervención socioeducativa e de acceso á vivenda posta en marcha por esta entidade conlevou o acceso de 4 unidades familiares que contan con 7 menores a vivenda regulada. Unha das familias retornou ao núcleo de infravivendas por desexo propio. Na actualidade, viven neste núcleo do Carballal 11 persoas adultas, 6 mulleres e 5 homes, 4 menores, 3 nenos e unha nena.

A proximidade na convivencia, as deficientes condicións de habitabilidade e outras situacións de vulnerabilidade, dálle ao traballo con esta poboación unhas características particulares, que fai máis diferencial, que no resto dos casos, a actuación con este sector de poboación. Na actualidade, e desde o ano 2008, véñense realizando diferentes accións nos diferentes ámbitos de intervención.

- Acceso aos recursos sociais. Na actualidade, a maioría das familias pasaron da percepción da RISGA ao IMV, acadándose nalgún caso a inserción laboral. Perciben ademais outras prestacións familiares da Seguridade Social e da Xunta de Galicia. Debido a situación de precariedade, en moitas ocasións teñen acceso tamén a axudas de emerxencia social municipal.
- Promoción educativa. Na actualidade, 3 nenos están cursando educación primaria e o curso próximo unha nena inicia 4º de educación infantil. A pesar do traballo educativo realizado coas familias xitanas para apoiar a súa educación, ao finalizar o período de escolarización obrigatoria nos últimos anos abandonaron os estudos. Neste ámbito, a participación en programas educativos ou de cualificación profesional da Fundación Secretariado Xitano diminuíu nos últimos anos. En canto á situación educativa da poboación adulta, esta non ten mellorado con respecto a hai catro anos, e a situación é a que se reflectía no anterior informe: a maioría dos homes xa contan co Graduado Escolar e siguen cursando as competencias clave. As mulleres seguen sen acadar título regrado.
- Promoción da saúde. Cada vez é máis xeneralizado o uso dos recursos sanitarios locais, aínda que persiste a tendencia no acceso vía urxencias.
- Acceso ao emprego. Existe baixa cualificación para o acceso ao emprego, pero ano a ano tanto mulleres como homes acceden a diferentes actividades formativas e de cualificación prelaboral.

3.6. Participación da infancia e a xuventude na vida pública.

No ano 2017 o concello de Teo decidiu presentar a súa candidatura á Unicef para ser Cidade Amiga da Infancia. Nese proceso creáronse o Foro de Participación da Infancia e a Adolescencia (FoPIA) e o Consello Local da Infancia e a Adolescencia (CLIA) do Concello de Teo.

O Foro de Participación da Infancia e a Adolescencia (FoPIA) é o órgano a través do que os nenos e as nenas poden facer propostas de mellora para o municipio. Este foro está aberto a todas as persoas menores de 18 anos e está sempre en activo.

Desde que o FoPIA iniciou a súa andaina a súa dinamización foi realizada durante dous anos por persoal municipal e outros 3 por entidades externas expertas en participación infantil. Ao longo destes anos leváronse a cabo múltiples accións derivadas do FoPIA, destacando no último ano:

- SETEMBRO 2022
 - Asistencia ao acto de presentación da versión adaptada á infancia da "Estrategia de desarrollo sostenible " coa ministra de Dereitos Sociais e Axenda 2030, Ione Belarra.
- OUTUBRO 2022
 - Preparación do 7^a Encontro Estatal de Consellos Locais de Participación infantil e adolescente: fixéronse un reto (coidar o planeta), unha actividade (saúde mental), unha enquisa e un xogo de rol.
 - Eleccións nos centros de primaria e formación previa sobre dereitos da infancia en 6^o de primaria dos colexios de Tilos, Ramallosa e Calo e no IES para fomentar o coñecemento e participación neste órgano.
 - Participación no Consello Estatal de Participación de Infancia e Adolescencia (CEPIA) unha vez ao mes todo o curso.
 - Reactivación da participación no Consello Climático unha vez ao mes todo o curso.
- NOVIEMBRE 2022
 - Asistencia de tres representantes, do 4 ao 6 de novembro en Cáceres, ao o 7^a Encontro Estatal de Consellos Locais de Participación infantil e adolescente.
 - Visita do alcalde para saudar as novas persoas do FoPIA.
 - Elaboración dun mapa do concello coa localización de onde vive cada persoa do FoPIA para ver a representación territorial.
 - Visita ao Parlamento de Galicia (día 15).
 - Convocatoria do CLIA para o día 21 de novembro, onde se presentaron e aprobaron 5 propostas.
- DICIEMBRE 2022
 - Debate sobre se eliminar ou non as eleccións en primaria: decidiuse eliminalas.



- Nova proposta de redacción das normas do FoPIA.
- Participación no consello asesor autonómico da Unicef.
- XANEIRO 2023
 - Redefiníronse as propostas presentadas ao CLIA en novembro.
- FEBREIRO 2023
 - Fin redefinición propostas presentadas ao CLIA en novembro.
 - Entrevista en La Voz de Galicia de representantes do FoPIA.
 - Posta en marcha de accións sobre limpeza nos baños dos centros educativos.
- MARZO 2023
 - Reunión coas persoas orientadoras dos centros educativos (20/03).
 - Redacción As Imprescindibles 2023.
 - Reinicio do programa ConLecerTeo, de marzo e até maio.
- ABRIL 2023
 - Presentación candidaturas para o Consello Autonómico de Participación da Infancia e a Adolescencia. Sae escollida Julia, con Aurelio de suplente.
 - Fíxose unha análise DAFO da situación dos dereitos da infancia e a adolescencia.
 - Propostas: facer campaña contra o acoso escolar e charla sobre diversidade sexual.
 - O día 18 houbo un encontro coa Mesa de Coordinación Interna para presentar propostas e facer unha análise do cumprimento dos obxectivos do PLIA anterior.
- MAIO 2023
 - Día 8: Encontro coas persoas candidatas á alcaldía e entrega de As Imprescindibles.
 - O día 29 preparouse o CLIA de xuño e avaliouse o feito ao longo do curso.
- XUÑO 2023
 - O día 5 de xuño, segundo CLIA do curso.



- Charla aberta sobre diversidade sexual o día 12 de xuño.



É de destacar que o FoPIA é protagonista do proxecto de investigación **CON_LecerTeo**, unha iniciativa do grupo SEPA da Universidade de Santiago de Compostela que pretende investigar as iniciativas nas que participa a infancia e adolescencia escolarizada no seu tempo libre, valorando a súa consideración como ocio e o impacto que teñen no seu desenvolvemento integral.

Tamén, no marco do FoPIA e a través dunha subvención do Fondo Galego de Solidariedade, creouse o **Consello Climático Xuvenil (CCX)** con rapazada maior de 15 anos, que neste último ano desenvolveu accións como: visitas á canteira de Casalonga para debater sobre a extracción de recursos naturais, a participación no FesTEO para animar a mozos e mozas a unirse concienciar do cambio climático, participación na Feira da Mocidade da Estrada cunha xincana climática, xornadas explicativas do CCX no instituto con *escape room* Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, reivindicar unha fonte para o instituto para que diminúa o consumo de botellas de plástico dun só uso, deseño de cartaces e material divulgativo para redes sociais en diferentes días como o día Mundial da Educación Ambiental, preparación dun disfraz de entroido sostible, xogos tipo trivial para recompilar información coa que elaborar unha guía de boas prácticas que expoñer en Lisboa o vindeiro 2024.

No **Consello Local da Infancia e a Adolescencia (CLIA)** participan as persoas menores de 18 anos elixidas polo FoPIA para seren os seus ou as súas representantes. Ademais das e dos representantes, no CLIA participan concelleiros e concelleiras, membros de todos os grupos políticos do concello, membros das Anpas, representantes do tecido asociativo, entre outros. O CLIA reúnese dúas veces ao ano e nel as persoas menores de 18 anos participan da vida política do concello trasladando as propostas de mellora recollidas no FoPIA.

Neste último curso celebráronse dúas sesións do CLIA, a primeira en novembro de 2022, na que as representantes do FoPIA presentaron as súas propostas para a mellora da contorna, destacando as relacionadas coa mellora da saúde mental, a sensibilización ambiental e a mellora nalgúns servizos municipais. En xuño, realizouse unha nova reunión coa presenza das novas forzas políticas que gobernarán no concello, tras as eleccións municipais de 2022.

3.7. Recursos culturais, deportivos, de lecer e tempo libre do territorio relacionados coa infancia e a adolescencia.

O Concello de Teo conta con diversos recursos nos ámbitos cultural (bibliotecas, casas comúns municipais etc.), histórico-artístico e deportivo.

Recursos culturais

- **Biblioteca Municipal.** Concibida como un espazo de promoción da lectura e a educación da cidadanía, a Biblioteca Municipal busca ser un lugar de encontro, onde poder formarse, aprender, compartir experiencias e relacionarse a través do seu fondo, programación de actividades para todos os públicos e cesión de espazos para a veciñanza. Este servizo préstase en rede a través de dous puntos de atención: [BPM do Grilo-Cacheiras](#) e [BPM dos Tilos](#), ambos os dous de acceso libre e gratuíto.

Servizos ofrecidos:

- Consulta en sala
- Préstamos
- Información bibliográfica (consultable de forma presencial, por teléfono ou a través dos catálogos en liña)
- Información e referencia: apoio ás buscas de información tanto bibliotecarias como doutro tipo.
- Recepción de propostas, queixas e suxestións (a través [deste modelo](#)).
- Acceso a internet.
- Recepción de doazóns (a través desta [ficha](#)).
- Hemeroteca: con cabeceiras de prensa diaria e revistas.
- Bebeteca: espazo pensado especialmente para as crianzas con material e mobiliario adaptado que pretende funcionar como un lugar de primeiro contacto co mundo do libro e a lectura.
- Fondo local: con material referido ao Concello de Teo, así como elaborado por autores naturais deste Concello ou cunha especial vinculación co mesmo.

Actividades que se realizan periodicamente:

- Actividades de animación á lectura
- [Clubs de lectura](#)
- Concertos
- Contacontos
- Obradoiros

Os meses de verán trasládanse parte dos fondos ás Bibliopiscinas municipais (Os Tilos e Luou).

- **Casas comúns municipais.** Son instalacións socioculturais municipais destinadas ao servizo da cidadanía para a práctica de actividades culturais, sociais e veciñais. Estas actividades deben axustarse ás características dos locais e organízanse ao redor dun [regulamento específico](#) que establece o uso e funcionamento dos locais socioculturais municipais do Concello de Teo situados nos lugares de Bamonde, Calo, Campos-Teo, Lampai, Oza, Rarís, Os Tilos, A Torre-Cacheiras, O Grilo-Cacheiras e A Ramallosa.

O patrimonio natural, histórico e artístico

O patrimonio do Concello de Teo preséntase rico e diverso e abrangue:

- **Recursos naturais, ecolóxicos e paisaxísticos**, entre os que destacan os leitos fluviais (o sistema fluvial Ulla-Deza, integrado na Rede Galega de Espazos Protexidos), as masas arbóreas (con numerosas carballeiras e soutos), miradoiros (da Agrela e da Pena Escorredía), etc.
- **Arquitectura**: de pontes (a ponte de Pontevea, a ponte romana de Paradela...), de hórreos (hórreo de Caxade, da reitoral de Luou, de Santa María de Teo, do Casal, de Gondelle...), muíños, pombais, lavadoiros (da Florida, de Noceda, de Requián...), fontes (a Burga da Laña, de Santa Margarida en Loureiro, das Barreiras...), cruceiros (o adro de Teo, o cruceiro de Francos...), igrexas (San Simón de Ons, San Xoán de Calo, San Xoán de Recesende...) etc.
- **Arqueoloxía** de diversas épocas: megalitismo (mámoas de Trasellas, mámoas de Barreiras, mámoas da Zapateira...), Idade do Bronce (na Pena Bicuda de Loureiro), cultura castrexa (castro de Socastro, de Sebe, de Lucí, de Rarís...), romanización (marco da Potra, restos romanos de Mouromorto), medievo (marco da Agrela, Camiño Real de Iria...) e industrial (fábrica de curtidos da Granxa, Real Fábrica de Papel do Faramello, Devesa Real de Coto...).
- **Festas populares**, entre as que destacan os Xenerais do Ulla (celebrada en Oza e cuxa orixe se atopa na Guerra da Independencia contra os franceses, na primeira metade do S.XIX), a Feira Cabalar de San Martiño (celebrada o día do San Martiño, o 11 de novembro, no lugar de Francos, na parroquia de Calo) ou a Batalla de Cacheiras.

Recursos deportivos e de lecer

O concello conta coas seguintes instalacións municipais destinadas á realización de deportes e actividades de lecer:

- Pavillón polideportivo dos Tilos. Parroquia dos Tilos.
- Pavillón polideportivo Ezequiel Mosquera. Lugar da Ramallosa, parroquia de Lucí.
- Pavillón polideportivo de Calo. Parroquia de Calo.
- Campo de fútbol A Cañoteira. Parroquia de Cacheiras.
- Campo de fútbol de Praíña, Pontevea. Parroquia de Reis.
- Campo de fútbol de Calo. Parroquia de Calo.
- Campo de fútbol de Rarís. Parroquia de Rarís.
- Campo de fútbol de Recesende. Parroquia de Recesende.
- Piscina cuberta A Ramallosa. Parroquia de Lucí.
- Piscina descuberta de Luou. Lugar de Ínsua, parroquia de Luou.

- Piscina descuberta dos Tilos. Parroquia dos Tilos.
- Pistas deportivas de Montouto. Pistas deportivas exteriores. Parroquia de Cacheiras.
- Pistas deportivas da Torre. Pistas deportivas exteriores. Parroquia de Cacheiras.
- Pistas deportivas de Constenla. Pistas deportivas exteriores. Parroquia de Cacheiras.
- Pistas deportivas de San Sadurniño. Pistas deportivas exteriores. Parroquia de Cacheiras.
- Pistas deportivas do Carballal. Pistas deportivas exteriores. Parroquia de Calo.
- Pistas deportivas da Área Recreativa da Igrexa. Pistas deportivas exteriores. Parroquia de Calo.
- Pistas deportivas de Campos de Mirabel. Pistas deportivas exteriores. Parroquia de Calo.
- Pistas deportivas da Piollosa. Pistas deportivas exteriores. Parroquia de Calo.
- Pistas deportivas de Vilar de Francos. Pistas deportivas exteriores. Parroquia de Calo.
- Pistas deportivas do Mosteiro. Pistas deportivas exteriores. Parroquia de Lampai.
- Pistas deportivas dos Tilos. Pistas deportivas exteriores. Parroquia dos Tilos.
- Pistas deportivas de Vilanova. Pistas deportivas exteriores. Parroquia de Recesende.
- Pistas deportivas de Fontenlo. Pistas deportivas exteriores. Parroquia de Teo.
- Pistas deportivas da Ramallosa. Parroquia de Lucí

O concello conta tamén cunha programación anual de actividades que inclúe, entre outras, as seguintes realizadas en escolas deportivas (de 3 a 17 anos):

- Baloncesto
- Patín
- Billar
- Skate
- Defensa persoal
- Taekwondo
- Judo
- Tenis
- Karate
- Tiro con arco
- Kickboxing
- Xadrez
- Natación
- Pádel

Complementariamente con estas actividades, organízanse outras de carácter puntual, como a Carreira pedestre ou a sinalización de rutas de sendeirismo.

Ademais, para o tempo de lecer, están dispoñibles:

- Parques infantís municipais.
 - Parque infantil da Unitaria de Raxó. Parroquia de Cacheiras.
 - Parque infantil da Unitaria de Cacheiras. Parroquia de Cacheiras.
 - Parque infantil da Unitaria de Casalonga. Parroquia de Calo.
 - Parque infantil da Unitaria de Reis. Parroquia de Reis.
 - Parque infantil do CEIP de Calo. Parroquia de Calo.
 - Parque infantil da EI da Ramallosa. Parroquia de Lucí.
 - Parque infantil do CEIP da Ramallosa. Parroquia de Lucí.
 - Parque infantil da EI dos Tilos. Parroquia dos Tilos.
 - Parque infantil do CEIP dos Tilos. Parroquia dos Tilos.
 - Parque infantil e biosaudable do Cemiterio. Parroquia de Cacheiras.
 - Parque infantil e biosaudables dos Tilos. Parroquia dos Tilos.
 - Parque infantil Dolmen. Parroquia de Cacheiras.
 - Parque infantil de Tribaldes. Parroquia de Bamonde.
 - Parque infantil do Coto. Parroquia de Bamonde.
 - Parque infantil de Lamas. Parroquia de Bamonde.
 - Parque infantil de Montouto. Parroquia de Cacheiras.
 - Parque infantil As Torres. Parroquia de Cacheiras.
 - Parque infantil de Penelas. Parroquia de Cacheiras.
 - Parque infantil do parque Montouto. Parroquia de Cacheiras.
 - Parque infantil de San Sadurniño. Parroquia de Cacheiras.
 - Parque infantil de Vilar de Francos. Parroquia de Calo.
 - Parque infantil Campos de Mirabel. Parroquia de Calo.

- Parque infantil de Fixó. Parroquia de Calo.
- Parque infantil da S.R. de Calo. Parroquia de Calo.
- Parque infantil da Igrexa de Calo. Parroquia de Calo.
- Parque infantil de Ameneiro. Parroquia de Calo.
- Parque infantil do Carballal. Parroquia de Calo.
- Parque infantil de Mosteiro. Parroquia de Lampai.
- Parque infantil do Concello. Parroquia de Lucí.
- Parque infantil Val da Ramallosa. Parroquia de Lucí.
- Parque infantil de Luou. Parroquia de Luou.
- Parque infantil de Ribas. Parroquia de Oza.
- Parque infantil de Bouñou. Parroquia de Rarís.
- Parque infantil de Sestelo. Parroquia de Rarís.
- Parque infantil de Rarís. Parroquia de Rarís.
- Parque infantil da Pedra. Parroquia de Recesende.
- Parque infantil do Casal. Parroquia de Recesende.
- Parque infantil de Vilanova. Parroquia de Recesende.
- Parque infantil Praíña. Parroquia de Reis.
- Parque infantil de Monteselo. Parroquia de Reis.
- Parque infantil de Fontenlo. Parroquia de Teo.
- Parque infantil Campos de Mirabel. Parroquia de Calo (As Galanas).
- Parque infantil de Cerdeira. Parroquia de Vilariño.
- Áreas recreativas.
 - Area Recreativa da Igrexa. Parroquia de Calo.
 - Área Recreativa do Xirimbao. Parroquia de Reis.
 - Espazo natural da Burga de Xermeade. Parroquia de Reis.

- Carballeira de Cornide. Parroquia de Calo
- Carballeira de Sta.Ana. Parroquia de Lampai.
- Area Recreativa de Lamas. Parroquia de Bamonde.
- Xardín Central dos Tilos.
- Xardín do Parque Montouto.
- Área recreativa de Fontenlo.
- Área recreativa de Carballal.
- Tirolina dobre na urbanización dos Tilos¹³.
- Sendas.
 - Acondicionadas neste momento:
 - Texexe.
 - Vilanova de Recesende.
 - Desde a urbanización Augas Mansas ao IES de Cacheiras.
 - Do IES de Cacheiras á pista que dá ao campo de fútbol da Cañoteira.
 - Da estrada da Xunta en Cacheiras ao campo de fútbol da Cañoteira.
 - Desde a igrexa de Luou á marquesiña entrada Bustelo.
 - Do lugar do Sisto á urbanización Augas Mansas.
 - Desde o núcleo de Solláns cara a Vilar de Calo.
 - De Pontevea a Millado.
 - De Recesende a Luou.
 - Da Ramallosa a Cacheiras.
 - De Adrán a Campos de Mirabel.
 - De Augas Mansas a Cacheiras.
 - De Pontevea a Calo.
 - De San Domingo a Campos de Mirabel.
 - De Trivaldes a Bahamonde.

13 <https://www.teo.gal/gl/actualidade/2022/o-concello-instala-unha-tirolina-nos-tilos>

- Espazos naturais.
 - Muíño da Ribeira. Espazo natural con mobiliario urbano. Parroquia de Cacheiras.
 - Carballeira de Francos. Espazo natural con mobiliario urbano. Parroquia de Calo.
 - Ponte de Paradela. Espazo natural con mobiliario urbano. Parroquia de Calo.
 - Carballeira da Capela de Santa Ana. Espazo natural con mobiliario urbano. Parroquia de Lampai.
 - Parque forestal do Xirimbao. Espazo natural con mobiliario urbano. Parroquia de Reis.
 - Parque forestal da Burga. Espazo natural con mobiliario urbano. Parroquia de Reis.
 - Miradoiro da Pena Escorredía. Miradoiro con mobiliario urbano. Parroquia de Cacheiras.
 - Miradoiro de Agrela. Miradoiro con mobiliario urbano. Parroquia de Lampai.
 - Parque biosaudable dos Robles. Parroquia de Cacheiras.
 - A Tomada. Finca municipal na parroquia de Calo con especies autóctonas e baixo criterios ecolóxicos.
 - Bosque Apego¹⁴, na parroquia de Luou, finca municipal para a plantación de árbores autóctonas por cada novo descendente de familias de Teo.

Recursos arredor da lingua galega

Desde o Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Teo promóvense numerosas actividades culturais, ademais da adhesión a programas públicos coordinados a través dos que nutrir a oferta cultural á poboación máis nova. Activos en 2022:

- Apego: Programa colectivo creado para fomentar e mellorar a transmisión do galego como lingua inicial. Diríxese ao contexto familiar e social dos nenos e nenas nos seus primeiros anos de vida (0 a 6) para achegarlle argumentos e facilitarlle ferramentas e redes que sosteñan e arroupen a crianza en galego. O programa entrega ás persoas usuarias un agasallo de benvinda cunha caixa que contén recursos para a crianza, así como un CD con música en galego. Unha vez sumada a crianza ao proxecto os seus proxenitores continúan tendo unha retroactividade co proxecto, xa que reciben continuamente información sobre actividades e recursos que os diferentes concellos van xerando e que poidan ser de interese para esta poboación. Existe unha programación mensual de actividades para crianzas.

¹⁴ <https://www.teo.gal/gl/actualidade/2021/teo-tera-un-bosque-apego-para-vincular-crianzas-co-seu-contorno-natural>

- **Proxecto Enreguéifate:** Proxecto impulsado polos concellos de Ames, Pontevedra, Rianxo, Santiago de Compostela e Teo que apoia a difusión da improvisación oral en verso e contribuír por medio dela á promoción do uso da lingua galega. O obxectivo principal é que a cidadanía entre en contacto coa improvisación oral en verso a través da experiencia de regueifar, nomeadamente no ámbito escolar. Por iso, inclúe, entre xaneiro e abril, accións formativas para alumnado e profesorado, un certame de regueifas en vídeo e un acto de entrega de premios do certame.
- **Youtubeiras:** Youtubeiras nace coa vontade de conseguir que haxa máis vídeos en galego na Rede. Youtubeiras busca incitar e facilitar que todas as persoas compartan as súas habilidades e criterios, que poidan ser de interese para outras persoas, a través dunha canle onde moitas persoas descubren, visualizan e comparten vídeos. Para lograr este obxectivo xorde Youtubeiras, un concurso de vídeos na Rede, coa fin de fomentar a creación de vídeos en galego, tanto de opinión como vídeo-tutoriais, para a súa difusión en Internet. Youtubeiras tamén ofrece formación específica de videocreación para compartirmos os saberes todos e aprendermos a comunicar coa linguaxe audiovisual.
- **Día de Rosalía:** Actividade en colaboración coa Fundación Rosalía para divulgar a obra de Rosalía neste día.
- **Maio, mes das Letras:** Programación de diversas actividades que xiran arredor da figura homenaxeada nas Letras Galegas durante o ano en curso, así como programas no ámbito educativo. Realízase nas datas previas ao 17 de maio.
- **Oferta puntual de actividades:** Actividades realizadas en colaboración coa Rede de Dinamización Lingüística, coa Deputación da Coruña e coa Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Recursos informáticos e TIC

O concello de Teo conta cunha Aula de informática para facilitar o acceso da veciñanza ás novas tecnoloxías e promover a sociedade da información e do coñecemento. A aula de Informática conta nestes momentos con doce computadores persoais. Tamén dispón de cascos para os ordenadores e lectores de tarxeta, dunha impresora láser e unha multifunción na que se poden imprimir e escanear todo tipo de documentos.

Por outra banda, e co obxectivo de facilitar o manexo das novas tecnoloxías, a aula de informática acolle unha Escola municipal de tecnoloxías da información. Nela impártense cursos de programación e deseño de videoxogos; cursos de robótica e intelixencia artificial e clases de ofimática e mecanografía. O alumnado vai dos 8 aos 16 anos e son un total de 41 nenas, nenos e adolescentes.

Outros

Por parte das diferentes áreas do concello de Teo, organizáronse múltiples actividades que conformaron unha ampla oferta socio-cultural para a infancia e a adolescencia, tal e como se recolle nas novas do portal do concello de Teo (teo.gal), podendo citar entre elas a participación no festival de arte urbano do Delas Fest, obradoiros para o lecer e tempo libre (p. ex. creación de doces de inverno, robótica con Legos...) ou a programación da escola ecoloxista.

3.8. Asociacionismo e iniciativas cidadás que gardan relación coa poboación infantil e adolescente.

O concello de Teo destaca pola vitalidade do seu movemento asociativo, sendo as principais asociacións:

- Asociación Cultural A Ponte Vella, en Reis.
- Asociación Cultural Rosalía de Castro de Cacheiras.
- Asociación Cultural A Mámoa, en Luou.
- Sociedade Recreativa de San Xoán de Calo. Entidade sen ánimo de lucro que potencia a cultura e a práctica deportiva. Conta cunha Escola de Música Tradicional galega.
- Asociación Recreativa e Cultural Os Tilos. Deseñada para facilitar a conciliación familiar, laboral e persoal. Ademais de actividades lúdico-educativas conta con campamentos nos períodos de vacacións.
- Asociación Aberteo.
- Asociación Teenses pola Igualdade.
- Emisora radiofónica A xente de Teo.

Ademais das asociacións, existen no concello outro tipo de iniciativas cidadás cuxa actividade ten como público preferente a infancia e a adolescencia do concello:

- Clubs de fútbol.
 - S.D.C. Recesende.
 - S.D. Cacheiras.
 - Club de Fútbol de Rarís.
- Clubs de baloncesto
 - Club Amigos de Teo.
 - Club CD Galogrin.

- Club GMU.
- Outros.
 - Club de ciclismo Anova Racing Team.
 - Club deportivo Lobos. Práctica e ensinanza de rugby e fútbol americano para nenos e nenas entre 4 e 18 anos.
 - Club de aerodelismo Estela.
 - Club de Billar.
 - Club San Francisco. Actividades de karate, fútbol sala, judo, xadrez e obradoiro de Psicomotricidade con bebés de 1-2 e 2-3 anos.
 - Escola de Béisbol e Sófbol Os Tilos.
 - Family Pádel.
 - Squash Club Santiago – Club de Tenis.
 - Escola de Estudios Musicais Allegro.
 - Entre Caixas Escola de artes.

3.9. Información cualitativa achegada por distintos actores do concello.

Esta información recóllese na parte Parte Valorativa deste documento, en concreto no punto 4.

4. VALORACIÓN

Para a realización desta segunda parte do diagnóstico leváronse a cabo distintas liñas de acción que axudaron á recollida de información e posterior elaboración dunha análise valorativa da situación da infancia e adolescencia no Concello de Teo. Para iso, traballouse con distintos grupos de persoas: crianzas e adolescentes de menos de 18 anos (punto 4.1) e persoas adultas (punto 4.2).

4.1. Actividades realizadas con persoas menores de idade

4.1.1. Elaboración da enquisa aberta e anónima.

Co obxecto de chegar a o maior número de rapaces e rapazas posible, creouse unha enquisa en liña para cubrir de xeito anónimo, cuxo deseño se baseou no modelo fornecido pola UNICEF e adaptado ás características propias do concello.

O formulario de preguntas foi distribuído a través de da páxina web do concello de Teo e de xeito específico nos centros educativos e IES, contando co apoio dos departamentos de orientación, as persoas titoras e tendo como soporte medios de comunicación dixital como o ABALAR. Ver [aquí](#) a batería de preguntas.

Ao longo de mes e medio, recibíronse 152 respostas, das cales foron descartadas 10, tanto por ofrecer contestacións non válidas (linguaxe inapropiado ou resposta irrealis) resultando unha mostra representativa de 142 respostas de persoas de entre 10 e 16 anos.


De seguido, expóñense os resultados obtidos, podéndose consultar as respostas completas na seguinte [ligazón](#).

- **Datos xerais**
 - Por idade: Das 142 persoas participantes, máis do 60% tiñan 3 e 14 anos, 15 anos un 11% e 16 anos un 8%. Só o 0,7% tiña 10 anos.
 - Por parroquias, a orde de participación foi a seguinte:
 1. Cacheiras: 22,5%
 2. Calo: 20,4%
 3. Teo: 18,3%
 4. Luou: 9,2%
 5. Lampai: 4,9%
 6. Os Tilos: 4,2%
 7. Lucí: 3,5%
 8. Reis: 3,5%
 9. Oza: 1,4%
 10. Rarís: 2,8%

- 11. Recesende: 2,8%
 - 12. Vilariño: 2,8%
 - 13. Bamonde: 0,7%
- Por lugar de nacemento: En canto ao lugar de nacemento a porcentaxe maior correspondeuse con España, destacando a presenza doutras orixes como Ucraína, con 2 respostas, África, Hungría ou Venezuela.
 - Por xénero sentido, a porcentaxe foi a seguinte: 47,9% de rapazas, 46,5% de rapaces, 2,1% de persoas non binarias, 2,1% que non desexan responder e un 1,4% demichica.
 - Estudos: Unha ampla maioría das persoas que contestaron estar estudando en centros públicos do concello (98,6% estudan e 97,9% centros públicos), correspondéndose as porcentaxes restantes a persoas que non estudan ou o fan en centros privados.
 - Discapacidades: Un 3,5% das persoas manifestaron ter algún tipo de discapacidade e delas, só o 16,7% (1 persoa) participa nun programa de deporte adaptado e o 33,3% (2 persoas) recoñece participar nalgún programa de apoio e adaptación para poder estudar.
 - **Dereitos e participación:** Á pregunta “coñeces os teus dereitos como menor de idade e que están recoñecidos na [Convención dos Dereitos das Crianzas](#)”, un 54,2% afirma non ter coñecemento, fronte a un 41,5% que si e un 4,3% que manifesta saber só dalgúns.
 - Á pregunta “existe no teu concello, escola ou parroquia un órgano de participación, espazo ou asociación nas que participan nenos, nenas e adolescentes?”, obtivéronse as seguintes respostas: un amplo 66,9% afirmou que si, un 19,7% contestou que non e un 13,4% manifestou non saber.

Existe no teu concello, escola ou parroquia un órgano de participación, espazo ou asociación nas que participan nenos, nenas e adolescentes?

142 respostas



- Con todo, ao ser preguntadas sobre a existencia do FoPIA un **76,1%** asegurou coñecer este Foro de Participación da Infancia e Adolescencia.

- En canto á percepción do respecto e valoración que reciben por parte do Concello de Teo, responden á pregunta “No último ano, pensas ou sentes que as autoridades do Concello de Teo te valoran, respectan e/ou tratan xustamente?”

1. Sempre: 31%
2. Nunca: 23,2%
3. Case sempre: 16,9%
4. Algunhas veces: 15,5%
5. Case nunca: 6,3%
6. Non sei: 4,9%
7. Outros: 2,1%


- Sobre a súa participación activa, o **81% responde que no último ano non fixo propostas ao Concello de Teo para mellorar os dereitos dos nenos, nenas e adolescentes.**
- De entre os 27 rapaces e rapazas que recoñeceron ter feito algunha proposta en favor dos dereitos da mocidade, correspondentes co 17,6% do total, o 59,3% considera que Concello de Teo as escoitou, mentres que o 29,6% entende que non.
- Un 68,3% indica non saber onde presentar propostas, fronte a un 31% que si e ante a pregunta “o Concello de Teo infórmache sobre o estado das túas propostas?”, un 67,7 indica que non mentres o 19,7 considera que si e o 12,7% ofrece “outras respostas”, destacando entre estas “ás veces” e “non fago propostas”.

- **Discriminación, *bullying* e ciber acoso**

- Á cuestión “Nos últimos doce meses, fuches vítima de discriminación, ignoraron algunha das túas necesidades ou algún tipo de malos tratos na túa casa, no colexio ou instituto, no parque, asistindo a algunha actividade recreativa ou cultural?” ás porcentaxe nas respostas foron as seguintes:


Nos últimos doce meses, fuches vítima de discriminación, ignoraron algunha das túas necesidades ou algún tipo de malos tratos na túa casa, no colexi...tindo a algunha actividade recreativa ou cultural?

142 respostas



- Un 86,6% indica no ter sufrido acoso ou bullying no centro de ensino, fronte a un 9,1% que refire agresións con periodicidades que van dunha vez por semana a 1 ou 2 veces en total.
- En canto ao *ciberbullying* ou ciber acoso, os resultados son os seguintes:


Nos últimos dous meses, sufriches ciber acoso ou ciberbullying?
142 respostas



• Hábitos de saúde e hixiene

- As preguntas relacionadas con saúde e hixiene revelan que unha maioría de rapaces e rapazas consideran ter unha dieta alimenticia equilibrada e variada (66,9%), mentres que un 24,6% refire tela “só algunhas veces” e un 8,4%, nunca ou case nunca. En canto á hixiene persoal, algo máis do 7% indicou non ter bos hábitos neste senso.
- O consumo de alcohol e/ou tabaco relévese máis estendido con respecto a outras substancias, referindo o 28,1% o seu consumo regular fronte ao 3,6% que refiren o consumo doutro tipo de drogas (un 90% indica no consumir drogas nunca).


Bebes alcohol ou fumas?
139 respostas



- En canto á identificación de emocións amósase unha certa diversidade nas respostas, cun peso relativo elevado daquelas que reflicten ambigüidade ou incerteza:

Sabes (recoñeces) cando te sentes triste, anoxad@, content@, etc.?

142 respostas




- Unha ampla maioría practica deporte polo menos dúas veces á semana (75,4%) e un 24,6%, non chega a ese mínimo.
- O 88,6% non mantén ou mantivo relacións sexuais e de entre o 13,4% que si, 66,7% empregou métodos anticonceptivos, fronte a un 33,3% que non.
- **Mobilidade e uso do espazo e instalacións públicas**
 - O 46,4% das rapazas e rapaces vai ao parque ou utiliza algún lugar público ao ar libre, sempre ou case sempre, e outro 40,1% faino “algunhas veces”. Só o 13,5% recoñece non empregar estes espazos públicos “nunca” ou “case nunca”.
 - En canto á seguridade percibida, un 73% indica sentirse seguro/a tanto na rúa como nos desprazamentos ou paseos, “sempre” ou “case sempre”.
 - O coche particular é o medio de transporte maioritario empregado polo 60,6% das rapazas e rapaces, seguido dos desprazamentos a pé (20,4%), o transporte público (7,7%) e a bici (5,6%).
 - Unha ampla maioría non emprega o Teobus, identificándose como usuarias habituais só o 4,2%.

- Á pregunta “Estás satisfeit@ coas instalacións recreativas da túa vila ou parroquia?”, responden:

Estás satisfeit@ coas instalacións recreativas da túa vila ou parroquia?

142 respostas



- **Novas tecnoloxías**

- As preguntas en relación ás novas tecnoloxías relevan un amplo acceso ás internet e/ou a outros dispositivos, aínda que nas habilidades dixitais, preto da metade das participantes non se sente en igualdade de con respecto a amizades ou compañeros/as da escola ou instituto.

- **Novas propostas**

- Das 142 rapazas e rapaces que emitiron respostas válidas, só 25, o 20,4%, manifestaron ter algunha idea ou proposta que lle gustaría que levase a cabo o Concello de Teo. Son as seguintes:
- Facede un novo campo de fútbol.
- Facede un kebab.
- Respectar máis os pronomes non binarios.
- Parque de MTB.
- Facer pistas deportivas de baloncesto.
- Un espazo de lecer libre para a xuventude, como unha biblioteca pero para múltiples actividades como xogos de mesa, zona de estudo, zona deportiva...
- Sítios recreativos para mozos e mozas na adolescencia.
- Que haxa un club de xadrez.

- Rematar o parque da Carballeira de Luou.
- Un centro comercial.
- Crear obradoiros deportivos.
- Poñer máis buses.
- Organizar excursións para nenos e non só para os da terceira idade.
- Intentar mellorar o transporte publico no instituto.
- Permitir a caza de animais.
- Un ximnasio.
- Poñer futbolíns que son moi divertidos.
- Arranxar o Parque de Lampai.
- Que en Lampai, en Beitureira, puxeran máis farolas.
- Un parque en Pedrouso.
- Que en Calo, onde a SR, volveran abrir a piscina pública que había, e de paso que arranxaran as canastras de baloncesto.
- Parque en Bamonde.
- Que existisen máis beirarrúas.
- Máquinas dispensables de alcohol gratis.

4.1.2. Elaboración dun DAFO no seo do FoPIA

Convocado o FoPIA, dinamizouse unha sesión de traballo orientada a recoller a percepción das persoas máis novas do concello en relación ao cumprimento dos seus dereitos como infancia e adolescencia. O resultado non foi xerarquizado, polo que se expón na orde na que foi recollido:

- **Debilidades**
 - Poucas hortas urbanas.
 - Falta espazo común e seguro (p.ex. Fábrica de cepillos).
 - Malos autobuses (horarios, paradas e hixiene).
 - Escaso estacionamento cerca dos centros de ensino (Ramallosa e Os Tilos).
 - Horario reducido da biblioteca dos Tilos.

- Poucas e malas beirarrúas (Rarís/A Poboia).
- Mal estado das marquesiñas.
- Falta de actividades específicas para adolescentes en horarios e datas adaptadas (non de noite nin entre semana).
- Extensión territorial do Concello.
- Non existencia dun lugar fixo para a aula de medio ambiente.
- Falta de espazo estable para teatro.
- **Forzas**
 - Extensión territorial do Concello.
 - Moitas casas comúns.
 - Moitas actividades culturais e sociais.
 - Moitas rutas de sendeirismo.
 - Posibilidade de mostrar talentos e habilidades en eventos do Concello.
 - Medios de comunicación propios.
 - Moita infraestrutura municipal-
 - Centros educativos públicos.
 - Existencia do CLIA e do FoPIA.
- **Ameazas**
 - Pouco orzamento para os fondos da biblioteca.
 - Presenza de drogas.
 - Extensión das redes sociais.
 - Problemas económicos globais.
 - Mala saúde mental.
 - Extensión do conflito Ucraína-Rusia.
 - Posibilidade de anexión a Compostela.
 - Acoso escolar ou ciber bullying.

- Inseguridade cidadá/extensión medo.
- Machismo.
- Discriminación colectivo LGTBAlQ+.
- **Oportunidades**
 - Axudas de rehabilitación de casas.
 - Axudas ao medio rural.
 - Bolsas de ensino.
 - Oportunidade de contar con axentes forestais.
 - Crear espazos seguros e unirse a redes de persoas LGTBAlQ+.
 - Usar espazos privados ou públicos (Xunta) para infancia e adolescencia.
 - Desenvolver políticas responsables.

Nesta xornada de traballo participaron 18 rapaces e rapazas. Ademais dun número elevado de persoas, o grupo funcionou dun xeito moi pro-activo.

4.2 Actividades realizadas con persoas maiores de idade

4.2.1. Elaboración do DAFO coa mesa de coordinación interna.

O día de 9 marzo de 2023 celebrouse unha sesión de traballo coa mesa de coordinación interna do programa CAI, integrada por Xosé Ignacio Igrexas Vilar, Concelleiro de Benestar, Igualdade e Participación Veciñal, María López, Concelleira de Mobilidade, Comercio, Turismo, Emprego, Igualdade, Cultura e Educación, Eva López, Técnica de Servizos Sociais Comunitarios, Sílvia Casas, Alfabetizadora Dixital aula de Informática e Gonzalo Carrillo, Técnico municipal de Deportes.

A sesión foi dinamizada por dous profesionais externos que conduciron ao grupo na elaboración dun DAFO sobre a situación actual situación da infancia e a adolescencia no concello de Teo. Tras as identificación das debilidades, forzas, ameazas e oportunidades, procedeuse a unha valoración grupal e xerarquización, resultando, por orde de importancia, os seguintes ítems:

- **Debilidades**
 1. Transporte público escaso.
 2. Infravivenda do Carballal.
 3. Problemas medioambientais.
 4. Equipamentos deportivos mellorables.

5. Falta dun centro de lecer e encontro grande e interxeracional no centro de Teo.
- **Forzas**
 1. Servizos de conciliación.
 2. Oferta cultural e deportiva, pública e privada, de balde ou accesible.
 3. Alta participación infantil nos órganos correspondentes.
 4. Rede peonil.
 5. Melloras no CRA e colexios.
 - **Ameazas**
 1. Desvinculación social co territorio.
 2. Cambio climático.
 3. Estrutura dos centros educativos (masificación do IES).
 4. Falta de recursos públicos para saúde mental, con especial preocupación arredor da prevención de dependencias dixitais e de xogos.
 5. Dificultades na organización dos tempos familiares, en detrimento do tempo en familia e o acompañamento no crecemento.
 6. Falta de cumprimento do dereito ao acceso á vivenda pública.
 7. Taxa de descenso na natalidade.
 - **Oportunidades**
 1. Políticas progresistas centradas na infancia.
 2. Proximidade a Santiago de Compostela e á súa vida cultural.
 3. Redes e novas formas de comunicación.
 - **Definición de prioridades para o novo Plan de Infancia e Adolescencia (PLIA)**, en base aos resultados do DAFO, definíronse as seguintes liñas de acción:
 - Promover unha maior vinculación da xente nova co territorio.
 - Favorecer a transición ecolóxica no marco do concello.
 - Fortalecer a rede de atención de saúde mental para a infancia e adolescencia.
 - Racionalizar a planificación das estruturas educativas.
 - Ampliar os espazos de participación na vida pública da infancia e adolescencia.
 - Garantir o dereito á vivenda.

4.2.2. Elaboración do DAFO coa Mesa Comunitaria.

Integrada por persoas adultas de ámbitos diversos cuxa acción profesional ou social se vincula coa infancia e a adolescencia do Teo, esta mesa acolleu representantes de: Asociación sen ánimo de lucro ARCOsTilos; servizo de pediatra de área no centro de saúde de Calo-Los Tilos; Anpa-Ramallosa; Servizo de Atención Temperá; Banco de Electrónica Municipal; RadioTeo; Programa Fogares de Provivenda; Biblioteca dos Tilos e Mediateca dos Grilos; SEPA-USC; e Servizos Comunitarios do Concello de Teo.

Ao igual que no caso anterior, este grupo identificou debilidades, forzas, ameazas e oportunidades, e procedeuse a unha valoración grupal e xerarquización, resultando, por orde de importancia, os seguintes ítems:

- **Debilidades**

1. Falta de actividades organizadas de grupo e relacionadas coa saúde, e de recursos de lecer específicos para adolescentes.
2. Dispersión xeográfica, relacionada co transporte público deficitario, que provoca falta de autonomía persoal e de seguridade a nivel de mobilidade. / Falta de participación das familias.
3. Dificultade de socialización menores de idade que viven fóra dos núcleos grandes.
4. Falta de persoal para a atención ás necesidades (lecer, saúde, acompañamento), de competencia municipal.
5. Falta de coñecemento dos activos entre menores por non utilizar medios de difusión ou redes comunicativas adecuados.
6. Falta de vivenda e alto custo da existente.

- **Forzas**

1. Creación de mapas de activos comunitarios. / A posibilidade de coordinación que ofrece a propia mesa comunitaria.
2. Servizos de conciliación.
3. Ruralidade en relación á saúde.
4. Existencia de infraestruturas públicas (biblioteca, Punto Xove, banco de reciclaxe electrónica, etc).
5. Creación do servizo de atención temperá.
6. Dispoñibilidade ás alianzas con outras entidades externas.
7. A implicación e motivación por parte das persoas adultas. / A receptividade dos axentes relacionados.

8. Oferta cultural e educativa de balde.
 9. Medio radiofónico dispoñible.
 10. Tecido asociativo.
 11. Existencia de novas rutas ciclables e camiños escolares.
 12. Incremento de servizos para a adolescencia (como a escola ecoloxista).
- **Ameazas**
 1. Dificultade de xestión dos tempos relacionados coas persoas adultas e menores e falta de adecuación ao cambios sociais acelerados.
 2. Falta de información e formación por parte das persoas adultas en relación ás TICs e á crianza en xeral.
 3. Falta de persoal de atención á infancia e adolescencia.
 4. Cambio climático.
 5. Falta de vivenda pública.
 6. Crise socioeconómica global.
 7. Aumento da prevalencia de patoloxías en idades temperás.
 8. Incidencia das novas tecnoloxías na mocidade.
 9. Falta de raciocinio político.
 - **Definición de prioridades para o novo Plan de Infancia e Adolescencia (PLIA)**, en base aos resultados do DAFO, definíronse as seguintes liñas de acción:
 - Favorecer a mobilidade dentro do concello.
 - Crear novos recursos para familias. Relacionados coa saúde mental.
 - Continuidade e mellora mapa activos e difusión efectiva.
 - Obtención e xestión axudas europeas para infancia e adolescencia.
 - Programa piloto “Planet Youth”.

5. CONCLUSIONES

En base aos datos cualitativos e cuantitativos recollidos pódense extraer conclusións en relación á situación da infancia e a adolescencia no concello de Teo.

A ampla extensión do concello e dispersión da poboación, tamén infanto-xuvenil, tradúcese na existencia dunha ampla rede de instalacións públicas, sendas e espazos de lecer ao aire libre que permiten e ao redor dos que se artella a vida cultural, comunitaria e a oferta de lecer que se recolle con anterioridade. Neste sentido, e de novo en relación á dispersión poboacional, un dos puntos a mellorar, indicados tanto por parte das persoas adultas como menores de idade é a mobilidade, en concreto o transporte público, unha eiva á que desde o concello se lle tentará solucionar por medio do emprego das novas tecnoloxías adaptadas ao transporte público baixo demanda.

En positivo, a mobilidade a pé mellorou substancialmente nos últimos anos coa creación de sendas peonís e camiños escolares seguros, ambas propostas valoradas de xeito positivo por parte da poboación máis nova, entroncando ademais con outro dos principais eixos a abordar en relación aos dereitos da infancia e a adolescencia, como é a saúde (vida activa) e un entorno seguro.

No que se refire á conciliación familiar, o concello de Teo destaca pola oferta de servizos públicos, para favorecer a conciliación grazas a servizos DiverTeo ou o servizo de Madrugadores e Teocoida, e así o recoñecen e sinalan as persoas consultadas no proceso de valoración, tendo ademais exención total de custos para aquelas familias en situación económica desfavorable, o que se aplica tamén en actividades culturais e deportivas, e outras relacionadas cos estudos, resultando unha práctica democratizadora e a prol da calidade de vida da infancia e a adolescencia e amortecemento das desigualdades sociais.

A saúde, en concreto a mental, foi outro dos principais temas sobre que versou a valoración, detectándose unha preocupación pola falta de recursos, medios e persoal sanitario en relación a alta demanda de cobertura profesional neste campo.

En relación a ter en conta as súas opinións, necesidades e prioridades na vida pública, o diagnóstico releva a existencia do FoPIA e o CLIA como espazos axeitados para este fin, cunha ampla porcentaxe da poboación consultada (76,1%) coñecedora destes foros.

Neste foros, en concreto no FoPIA no curso 22/23, está habendo unha alta participación de rapazas e rapaces (unha media de 16 por sesión) con respecto a anos anteriores. Os datos revelan, pola contra, pouca iniciativa propositiva por parte da infancia e a adolescencia (81% non fixo propostas de mellora no último ano para mellorar os seus dereitos) ou a falta de identificación do FoPIA como espazo para a defensa dos seus dereitos (68,3% non sabe onde presentar propostas ao concello).

Por outra banda, a información obtida do DAFO no seo do FoPIA así como da mesa de coordinación interna revelan a percepción deste espazo para a participación da infancia e a adolescencia como unha “forza” do concello. Polo tanto conclúese que existe vontade tanto por parte dos axentes locais como da rapazada de manter o FoPIA como espazo de escoita e activación como axentes activos da poboación máis nova. Nesa mesma liña, desde a Mesa comunitaria, foro asociado ás

Cidade Amigas da Infancia, valórase como primeira “forza” a posibilidade de crear sinerxía entre os diferentes actores sociais relacionados coa infancia e a adolescencia para seguir construíndo e compartindo información e recursos para a mellora da situación da infancia e a adolescencia (por exemplo, a través do mapeado de recursos).

Polo tanto, conclúese que é preciso manter os espazos existentes de participación, así como facer extensiva a cultura democrática e o empoderamento como axente político entre nenas, nenos e adolescentes.